

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/37-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	SUBMINISTRO DE AIRE DESDE A SUPERFICIE E MERGULLO EN APNEA

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	Entre punta Canabal e punta Couso e Illas Cíes.
Subzonas probables de explotación	Area 1: illa norte do Parque Nacional das illas Cíes Area 2: illa sur do Parque Nacional das illas Cíes Area 3: de punta Couso a punta Subrido a Area 4: de punta Subrido a punta Borneira Area 5: de punta Borneira a punta Canabal

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	7	20
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		125										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ De xaneiro a abril e de outubro a decembro.												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X						X	X	X	

Topes de captura ⁽⁶⁾		
Especies	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo	175	75 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	---

Puntos de control	Zona de extracción pola embarcación de vixilancia e lonxa de Cangas
Puntos de venda	Lonxa de Cangas

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Cota máxima de captura: a entidade solicita un tope de 75 kg/tripulante/día ata un máximo de 200 kg/embarcación/día. Para o ano 2009, e trala resolución do recurso potestativo de reposición do para a que se tivo en conta a evolución das capturas de ourizo dende o ano 2000 (que amosan unha diminución da CPUE) e un descenso do esforzo pesqueiro foi autorizado un cota máxima de captura de 175 kg/embarcación/día. Así pois, para o ano 2010, e en tanto non se observe a evolución dos bancos, non existe inconveniente en establecer a cota máxima por tripulante enrolado e a bordo en 75 kg/día cun máximo de 175 kg/embarcación/día.

Horario: De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas”.

Remisión de datos:Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 06.11.2009 é favorable para autorizar a realización das inmersións necesarias par a execución do plan, sempre que sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente.

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira apertura mensual deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.



Deberá remitirse a certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos de goberno da confraría.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Controis periódicos da explotación (mostraxes, tallas de captura, etc.), así como un seguimento da actividade extractiva realizada por zona (días, capturas, vendas, etc.)
- Revisar xunto co biólogo de zona, a subdivisión da zona de traballo así como a rotación de zonas.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (25 de novembro de 2009):

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación deste, coas seguintes condicións relativas ao ámbito territorial do parque:

- O illote de Boeiro é considerado como zona de reserva
- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de habilitacións a mergulladores, nin número de días ao ano, nin aumento de cotas.
- Non debe realizarse actividades de semicultivo, rexeneración de zonas produtivas nin traslados de ourizos no ámbito do Parque Nacional, actividades non compatibles cos obxectivos de conservación do Parque Nacional.